

Plantilla memoria xustificativa do Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación

Universidade de Vigo

1 Xustificación de interese socioeconómico para a Comunidade Autónoma

1.1 Estudo sobre a incidencia e beneficios xerais e económicos derivados da nova ensinanza (xustificación da oportunidade da titulación)

Esta titulación non é unha nova ensinanza, senón unha modificación do título xa existente Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación que se imparte na Universidade de Vigo.

Os estudos universitarios de Enxeñaría de Telecomunicación implantáronse en Galicia no ano 1985, coa creación da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación. Tras sucesivas reformas para adaptarse aos cambios legislativos e normativos, no curso 2010/2011 comeza a implantación deste grao.

1.2 Carácter esencial ou estratéxico: resposta a necesidades prácticas e científicas do SUG

Esta titulación habilita para o exercicio da profesión regulada Enxeñeiro/a Técnico/a de Telecomunicación, segundo a orde CIN/352/2009 (BOE 20/2/2009). É a única titulación dentro do SUG que habilita para o exercicio desta profesión, clave para o tecido socioeconómico.

1.3 Equilibrio territorial do SUG: xustificación do campus elixido para a implantación da ensinanza en relación coa súa especialidade

Esta titulación xa se viña impartindo desde o ano 2010 no Campus de Vigo da Universidade de Vigo (Escola de Enxeñaría de Telecomunicación), trala adaptación normativa da titulación Enxeñaría de Telecomunicación, impartida no mesmo centro, campus e universidade desde 1985.

2 Mercado laboral

2.1 Estudo das necesidades do mercado laboral en relación coa titulación proposta

En relación á demanda laboral no campo da enxeñaría de telecomunicación, os datos de emprego dispoñibles en 2018, segundo o último mapa socio-profesional elaborado polo COIT (Colegio Oficial de Ingeniería de Telecomunicación) sobre titulados/as en Telecomunicación a nivel nacional, indican que só a 4.1% busca emprego, a metade que en 2012, e só o 0,2% está a buscar o seu primeiro emprego. A estabilidade é ampla no sector, cun 81.3% de contratos indefinidos. A maioría traballa por conta allea (89.2%), e ten un único emprego (91.1%). Doutra banda, e segundo a enquisa de inserción laboral do INE (Instituto Nacional de Estadística) de 2020, esta titulación ten unha taxa de emprego do 93,6 %. Segundo os datos que o INE recolle da enquisa que realiza

anualmente sobre o uso das TIC nas empresas, todos os indicadores aumentan, incluído o número de empresas que empregan a especialistas deste sector. A demanda é crecente e supera ao número de titulados dispoñibles no mercado laboral. Estes indicadores, tanto autonómicos como nacionais, algúns deles mesmo aplicables a outras nacións da nosa contorna máis próxima no físico (europeo) ou no cultural (americano), reforzan a necesidade perentoria de profesionais hábiles no desenvolvemento e a xestión das TIC para proporcionar ao armazón privado e público ferramentas para un desenvolvemento equilibrado, sostido e sostible. O título proposto céntrase na formación destes profesionais, polo que a súa idoneidade está fóra de dúbidas.

2.2 Incorporación de perfís profesionais no título vinculados aos sectores estratéxicos de Galicia

A profesión de Enxeñería Técnica de Telecomunicación ocúpase das tecnoloxías básicas que sustentan as Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (TIC) e a Sociedade da Información (SI). Os/as profesionais en calquera destas tecnoloxías representan un recurso humano capital no desenvolvemento estas tecnoloxías. As TIC e a SI son elementos determinantes para o avance económico e a mellora da produtividade e a competitividade nas economías modernas. En Galicia, a administración autonómica temos moi presentes nos sucesivos plans de expansión tecnolóxica. Actualmente, o programa Estratexia Galicia Dixital 2030, incorpora sete eixos estratéxicos e un eixo estratéxico transversal, todos eles ligados ás tecnoloxías de Telecomunicación.

Nun ámbito xeográfico máis amplo que o propiamente galego, é conveniente indicar que os gobernos dos países desenvolvidos, e entre eles o Goberno español, prestaron especial atención a esta nova dimensión do crecemento e progreso socioeconómico. A Axenda Dixital para Europa marca a estratexia en materia de Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (TIC).

2.3 Interese particular e apoio por parte dalgún grupo de empresas (clúster/hub) que apoie a proposta

A relación de traballo da EET co tecido empresarial materialízase en multitude de actividades educativas e divulgativas levadas a cabo en común, en moitas ocasións con co-financiación destas empresas, como se pode ver nas actividades desenvolvidas na rede conexiónTeleco, por exemplo: <https://teleco.uvigo.es/id-e-empresas/cooperar-coa-escola/conexionteleco/> e tamén coa súa contribución na definición do Plan Estratéxico do Centro (en elaboración).

Esta relación materialízase na gran cantidade de prácticas externas ofertas ao estudantado da EET, en concreto nesta titulación temos unha progresión moi notable, pasando de 38 convenios asinados no ano 2015 a 231 asinados en 2024. A progresión

nos últimos dous anos de prazas ofertadas- prácticas realizadas e número de estudantes contratados/as tras realizar as súas prácticas é a que se indica:

- 2021/22: 114 prazas ofertadas / 50 realizadas / 14 contratadas
- 2022/23: 141 prazas ofertadas / 71 realizadas / (aínda sen cifras de contratos)

Igualmente, a porcentaxe de TFG realizados no tecido empresarial pasou dun 17.2% no curso 2021/22 a un 28.36% no curso 2022/23.

Isto amosa, claramente, o apoio do tecido empresarial ao centro en xeral e a esta titulación en particular.

3 Demanda

3.1 Previsións de matrícula tendo en conta a análise da demanda real dos estudos propostos por parte de potenciais estudantes e da sociedade

Segundo a demanda recibida nos últimos cursos académicos, establécese un número máximo de estudantes de 150 estudantes de entrada, desglosados en 130 prazas para a titulación impartida en castelán/galego e 20 prazas para a titulación impartida en inglés.

4 Non duplicidade

4.1 Mención de ensinanzas afíns preexistentes nesta universidade

Non existe ningunha outra titulación de grao no SUG que habilite para o exercicio da profesión de Enxeñeiro/a Técnico/a de Telecomunicación.

4.2 Acreditación de non coincidencia de obxectivos e contidos con outras titulacións existentes (coincidencia máxima do 50% dos créditos)

Dado que esta titulación habilita para o exercicio da profesión Enxeñeiro/a Técnico/a de Telecomunicación, non ten coincidencia de obxectivos formativos, resultados de aprendizaxe e capacitación con ningunha outra titulación do SUG.